

RELATOS PLURAIS E BEN CALIBRADOS

O FERROLÁN HENRIQUE DACOSTA PUBLICA UN CONXUNTO DE TEXTOS NOS QUE ECOA O SEU BO FACER E UNHA SIGNIFICATIVA PRESENZA DA TERRA NATAL DO AUTOR

Hai ben de tempo que quen isto asina tiña a vontade de se referir a algunha peza narrativa de Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) e a oportunidade vén da man do presente *Unha mada de doce relatos*, título galardoado na penúltima convocatoria do certame literario Ricardo Carvalho Calero, convocado anualmente polo Concello de Ferrol.

E tiña vontade porque, ao meu parecer, o narrador Dacosta leva ben de anos asomándose ao panorama da narrativa galega sen obter, talvez, nin o recoñecemento que merecería nin tampouco a repercusión mediática que as súas achegas, ao meu xuízo, deberían suscitar. Posuidor, xa que logo, dunha traxectoria narrativa dilatada, entre a que me gustaría salientar, alén doutros ensaios e libros de relatos, as súas novelas *Mar para todo o sempre* (1992), *Os desherdados* (2006) ou *O prezo da tentación* (2008),

Dacosta volve agora retomar os vieiros dun xénero no que sabe moverse con habelencia e onde agroma o mellor que o caracteriza como narrador, isto é, versatilidade para se achegar a calquera argumento, por desmellante que este for; o dominio das diferentes perspectivas narrativas e, sobre todo, dos mecanismos que converten o relato curto nun exercicio artístico de síntese e de tensión expresiva, exhibindo nel multitude de recursos construtivos, sen esquecer o emprego dun coidado rexistro lingüístico e expresivo, o que de seu xa non é pouco.

Unha mada de doce relatos, así pois, serve para que nos adentremos nun universo composto por unha miríade heteroxénea de argumentos que camiñan a rentes



RELATOS

«Unha mada de doce relatos»

Henrique Dacosta
Laiovento, 80
páxinas. 10 euros.

**Dacosta volve
agora retomar
os vieiros dun
xénero no que
sabe moverse
con habelencia
e onde agroma
o mellor que o
caracteriza
como narrador**



Henrique Dacosta gañou o certame literario Ricardo Carvalho Calero

da vida como son a súa propia futilidade nalgúñas ocasións ou as circunstancias que enguedellan a varios personaxes embarcados nun destino semellante; mais tamén hai espazo para recrear lendas tradicionais que se insiren na existencia cotiá, por veces quebrada con ironía e convertida nun inxente desasosego, ou para beirar o pozo vivificador da memoria e da lembranza das consecuencias da guerra; asuntos, entre outros, que teño para min son tratados con exquisita atención e con gran sensibilidade literaria.

ATMOSFERAS

Alén disto, quen se achegue ao volume ha advertir a aguda e intensa descrición de diferentes atmosferas, por veces construídas con só tres ou catro pinceladas; a tendencia ao fundido de secuencias narrativas que conflúen ao final do relato e, algo que non se apuntou, esa recorrente visión,

sentimental e particular mais tamén universal, dos espazos que intúo lle resultan máis familiares e caros ao autor: velaí como se erixe desde a lembranza o seu Ferrol natal, as súas xentes e lugares —repárese só neste feliz exemplo: «O barrio xeométrico e cuadrangular da Magdalena, na urbe da aritmética, do cálculo frío e exacto»— sen ignorar tampouco esoutros espazos máis ou menos veciños.

Por último, faise ben patente a pescuda previa en numerosas fontes históricas que posibilitan converter en ficción o que ben puido ser real —ou se cadra ás avesas— porque, xustamente, os sucedidos aquí relatados con naturalidade e fluidez, con ecos popularistas ou épicos por veces, irmáanse e confúndense co que ben puido ocorrer, sendo así este camiño un dos elementos capitais que configuran este libro con inequívoca fortuna.

Ramón Nicolás